

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

IES CAMPO DE SAN ALBERTO

NOIA

INDICE

1.- Introducción

2.- En que consiste o Proxecto Lingüístico de Centro

3.- A realidade lingüística da contorna do noso centro

4.- A normalización lingüística.

4.1. Lexislación.

4.2. A normalización no noso centro.

5.- Linguas en que se imparten as materias da ESO, Bacharelato, Ciclos Formativos e Ensinaza de Persoas Adultas

6.- Medidas para o alumnado con insuficiente dominio das linguas en ESO e Bacharelato.

6.1. O papel da Biblioteca do centro.

7.- Procedementos que aseguren a competencia lingüística nas dúas linguas oficiais nos Ciclos Formativos e Ensinanza de Persoas Adultas

8.- Seccións bilingües

9.- Obxectivos e liñas de actuación para o fomento da lingua galega

10.- Actividades do Equipo de dinamización da lingua galega

11.- Addenda anual:

a) Cambios na impartición de materias en lingua estranxeira.

b) Información e valoración das actividades do Equipo de dinamización da lingua galega no curso anterior, e información das que se van desenvolver neste curso.

1.- INTRODUCCIÓN

Segundo exige o Decreto 79/2010 (DOG 20/05/2010) para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, desenvolvemos a continuación os puntos do PLC que cada catro cursos determinará as actuacións do centro en materia lingüística de cara a que o alumnado acade a maior competencia.

Unha vez escoitada a Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) reuniuse un equipo de traballo designado polo Equipo Directivo coa presenza da Coordinadora do EDLG e os Xefes dos Departamentos de Linguas do centro que elaboraron e redactaron o texto orixinal no curso 2010-11. O documento actual é resultado da incorporación das sucesivas addendas nos cursos posteriores.

2.- EN QUE CONSISTE O PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

Trátase dun documento que expón as medidas de planificación lingüística que levará a cabo o centro durante un curso escolar. Nel debe figurar a distribución lingüística no currículo e as medidas de apoio e de reforzo adoptadas para mellorar a competencia lingüística do alumnado.

O PLC forma parte do PEC (Proxecto Educativo do Centro).

O obxectivo final é que o alumnado teña a mesma competencia nas dúas linguas oficiais priorizando o uso do galego no centro co fin de acadar a súa plena normalización.

3.- A REALIDADE LINGÜÍSTICA DO NOSO CENTRO

Este centro matricula alumnado de distinta procedencia xeográfica. Por un lado temos rapaces e rapazas que proceden do entorno urbano de Noia, e por outro os/as que veñen de concellos limítrofes (son maioría no Bacharelato) como Outes e Lousame.

A realidade lingüística, nesta contorna, é aínda diglósica. Cómpre, porén, destacar que a maioría do alumnado é monolingüe e que o uso oral da lingua galega é o normal e o cotián.

Nestas circunstancias entendemos que se debe facer fincapé no uso do galego a nivel culto e académico, de xeito que non siga sendo só o galego a lingua da familia, da aldea, da conversa cos amigos... que sexa tamén a lingua de todas as actividades da aula, a lingua habitual para dirixirse aos profesores, P.A.S., médicos, gardas... é dicir, a lingua de uso cotián en calquera situación da vida.

Así, entendemos que defender a diversidade lingüística e contribuír a desmontar prexuízos lingüísticos tamén deben ser dous obxectivos da planificación lingüística do centro na que se enmarca este PLC.

4.- A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA:

4.1. LEXISLACIÓN:

a) A Constitución española (1978) establece que o castelán é a lingua oficial do Estado español (art.3.1) e que as demais linguas españolas serán tamén oficiais en cadansúa comunidade autónoma (art. 3.2).

b) O Estatuto de Galicia (1981) reconece o galego como a lingua propia de Galicia (art. 5).

c) A Lei de Normalización Lingüística (1983) regula o uso do galego no ensino. O sistema educativo galego debe garantir que ao remate do ensino obrigatorio o alumnado acade a igualdade de competencia nos dous idiomas oficiais, nos seus niveis oral e escrito (art.14 da

Lei 3/1983).

d) O Decreto 247/1995 reconece que a necesidade do uso vehicular do galego nunha parte significativa do currículo.

e) O Plan Xeral de Normalización Lingüística (PXNL), aprobado por unanimidade polo Parlamento de Galicia en 2004, destaca a importancia da presenza da lingua galega no ensino.

f) O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, regula a distribución das linguas vehiculares das distintas materias incorporando unha maior presenza como tales das lingua(s) estranxeira(s). Complementase coa Orde do 10 de febreiro de 2014 sobre a exención da materia de lingua galega.

4.2. A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO NOSO CENTRO

Pódese dicir que o IES Campo de San Alberto foi pioneiro en materia de normalización, sacando adiante proxectos de peso cultural na vila nos que sempre se puxo en valor a lingua galega como vehículo de espallamento da posta en valor da cultura da comarca.

Os calendarios de mesa que durante anos recolleron as manifestacións artísticas que ao longo dos séculos sementaron a nosa contorna de historia son proba diso, así como a edición de diversos libros de fotografía ilustrados con poemas ou as premiadas participacións nos concursos “*Entre Nós, en Galego*”.

Pero se cadra o embleza da acción normalizadora do noso centro foi a creación da Coordinadora “*Leixapré*”, que durante os seus anos de existencia aglutinou o traballo normalizador dos centros da comarca materializándose na entrega anual dos premios do mesmo nome nuns actos onde cada ano se renovaban intencións e forzas para seguir traballando unidos pola normalización da nosa lingua.

Cómpre comentar a colaboración dos dous centros de Noia (IES Campo de San Alberto e IES Virxe do Mar) na celebración conxunta do Certame Literario “Alberto Romasanta” cada ano con motivo do Día das Letras Galegas.

Non debemos pasar por alto ademais o feito de que no noso centro chegamos a ter unha porcentaxe do 90% de uso vehicular da lingua galega nas aulas.

5.- LINGUAS EN QUE SE IMPARTEN AS MATERIAS DA ESO, BACHARELATO, CICLOS FORMATIVOS E ENSEÑANZA DE PERSOAS ADULTAS.

CICLOS FORMATIVOS:

ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA

1º CURSO

MATERIAS	HORAS	IDIOMA
Ciencias Aplicadas I	6	Gal
Comunicación e Sociedade I	3	Gal

Comunicación e Sociedade I	2	Gal
Comunicación e Sociedade I	2	Gal
Equipamentos eléctricos e electrónicos	8	Gal
Instalacións eléctricas e domóticas	10	Cas
Titorías	1	-

2º CURSO

MATERIAS	HORAS	IDIOMA
Ciencias Aplicadas II	7	Cas
Comunicación e Sociedade II	2	Gal
Comunicación e Sociedade II	2	Gal
Comunicación e Sociedade II	2	Gal
Instalación e mantemento de redes	9	Cas
Instalacións de telecomunicacións	9	Gal
Titorías	1	-

XESTIÓN ADMINISTRATIVA

1º CURSO

MATERIAS	HORAS	IDIOMA
Formación e orientación laboral	4	Gal
Inglés	6	-
Operacións administrativas da compravenda	5	Cas
Operacións auxiliares de xestión de tesourería	6	Cas
Técnica contable	5	Gal
Tratamento informático da información	10	Gal

2º CURSO

MATERIAS	HORAS	IDIOMA
Comunicación empresarial	7	Gal
Empresa e administración	7	Cas
Empresa na aula	9	Gal
Operacións administrativas de recursos	7	Cas
Tratamento da documentación contable	6	Cas

INSTALACIÓNS E TELECOMUNICACIÓNS

1º CURSO

MATERIAS	HORAS	IDIOMA
Electrónica aplicada	10	Cas
Equipamentos microinformáticos	5	Gal
Formación e orientación laboral	4	Cas
Instalacións de megafonía e sonorización	6	Gal
Instalacións de radiocomunicacións	4	Gal
Instalacións eléctricas básicas	7	Gal

2º CURSO

MATERIAS	HORAS	IDIOMA
Circuíto pechado de televisión e seguridade	9	Gal
Empresa e iniciativa emprendedora	3	Gal
Infraestruturas comúns de telecomunicacións	7	Gal
Infraestruturas de redes de datos	10	Cas
Instalacións domóticas	7	Gal

ADMINISTRACIÓN E FINANZAS

1º CURSO

MATERIAS	HORAS	IDIOMA
Comunicación e atención á clientela	6	Cas
Formación e orientación laboral	4	Gal
Inglés	6	-
Ofimática e proceso da información	9	Gal
Proceso integral da actividade comercial	5	Cas
Xestión da documentación xurídica	3	Gal

2º CURSO

MATERIAS	HORAS	IDIOMA
Contabilidade e fiscalidade	9	Gal

Simulación empresarial	8	Cas
Xestión de recursos humanos	6	Gal
Xestión financeira	7	Gal
Xestión loxística e comercial	6	Cas

LABORATORIO CLÍNICO E BIOMÉDICO

1º CURSO

MATERIAS	HORAS	IDIOMA
Bioloxía molecular e citoxenética	7	Cas
Fisiopatoloxía xeral	8	Gal
Formación e orientación laboral	4	Cas
Técnicas xerais de laboratorio	9	Gal
Xestión de mostras biolóxicas	8	Gal

2º CURSO

MATERIAS	HORAS	IDIOMA
Bioloxía molecular e citoxenética	10	Gal
Fisiopatoloxía xeral	3	Gal
Formación e orientación laboral	9	Cas
Técnicas xerais de laboratorio	10	Cas
Xestión de mostras biolóxicas	4	Cas

EDUCACIÓN PARA ADULTOS

EBI Nivel I

MATERIAS	HORAS	IDIOMA
Ámbito lectoescritura	8	Gal
Ámbito razoamento matemático e cálculo	4	Gal
Tutorías	1	-

EBI Nivel II

MATERIAS	HORAS	IDIOMA
Ámbito de comunicación	8	Cas

Ámbito da natureza e da sociedade	4	Gal
Ámbito matemático	4	Gal
Titorías	1	-

ESA Mód 1 e 2

MATERIAS	HORAS	IDIOMA
Ámbito científico-tecnolóxico	4	Gal
Ámbito científico-tecnolóxico	4	Gal
Ámbito de comunicación	3	Gal
Ámbito de comunicación	5	Gal
Ámbito social	3	Gal
Titorías	1	-

ESA Mód 3 e 4

MATERIAS	HORAS	IDIOMA
Ámbito científico-tecnolóxico	8	Gal
Ámbito de comunicación	2	Gal
Ámbito de comunicación	2	Gal
Ámbito de comunicación	3	Gal
Ámbito social	4	Cas
Titorías	1	-

ENSINANZA SECUNDARIA OBRIGATORIA

1º ESO

MATERIAS	HORAS	IDIOMA
Bioloxía e xeoloxía	4	Gal
Educación Física	2	Gal
Educación plástica, visual e audiovisual	2	Cas
Lingua castelá e literatura	8	Cas
Lingua estranxeira - Inglés	6	-
Lingua galega e literatura	8	Gal
Matemáticas	10	Cas

Obradoiro de prensa	1	Cas
Proxecto Climántica	1	Cas
Relixión católica	1	Cas
Titorías	1	-
Valores éticos	1	Cas+Ing
Valores éticos	1	Cas+Ing
Xeografía e historia	6	Gal
2ª lingua estranxeira - Francés	2	-

2
º ESO A

MATERIAS	HORAS	IDIOMA
Educación Física	4	Cas
Física e química	3	Cas
Lingua castelá e literatura	3	Cas
Lingua estranxeira - Inglés	3	-
Lingua galega e literatura	3	Gal
Matemáticas	5	Cas
Música	4	Cas+Ing
Programación	1	Gal
Relixión católica	1	Cas
Tecnoloxía	3	Cas
Titorías	1	-
Valores éticos	1	Cas
Valores éticos	1	Cas
Xeografía e historia	3	Gal
2ª lingua estranxeira - Francés	2	-

2º ESO B

MATERIAS	HORAS	IDIOMA
Educación Física	4	Gal
Física e química	3	Cas
Lingua castelá e literatura	3	Cas
Lingua estranxeira - Inglés	3	-
Lingua galega e literatura	3	Gal
Matemáticas	5	Cas

Música	4	Cas+Ing
Programación	1	Gal
Relixión católica	1	Gal
Tecnoloxía	3	Cas
Titorías	1	-
Valores éticos	1	Gal+Ing
Valores éticos	1	Gal+Ing
Xeografía e historia	3	Gal
2ª lingua estranxeira - Francés	2	-

3º ESO

MATERIAS	HORAS	IDIOMA
Ámbito científico e matemático	8	Cas
Ámbito lingüístico social	3	Gal
Ámbito lingüístico social	9	Gal
Bioloxía e xeoloxía	4	Gal+Ing
Cultura clásica	2	Cas
Educación Física	2	Cas
Educación plástica, visual e audiovisual	2	Cas
Física e química	2	Cas
Física e química	1	Cas
Lingua castelá e literatura	3	Cas
Lingua estranxeira - Inglés	3	-
Lingua galega e literatura	3	Gal
Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas	4	Cas
Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas	4	Cas
Música	4	Gal+Ing
Relixión católica	1	Cas
Tecnoloxía	2	Cas
Titorías	1	-
Valores éticos	1	Cas+Ing
Valores éticos	1	Cas+Ing
Xeografía e historia	3	Gal
2ª lingua estranxeira - Francés	2	-

4º ESO

MATERIAS	HORAS	IDIOMA
Bioloxía e xeoloxía	3	Gal+Ing
Bioloxía e xeoloxía	3	Gal+Ing
Cultura científica	3	Gal
Cultura clásica	3	Gal
Educación Física	2	Cas
Educación plástica,visual e audiovisual	3	Cas
Física e química	3	Cas
Latín	3	Cas
Lingua castelá e literatura	3	Cas
Lingua estranxeira - Inglés	3	-
Lingua galega e literatura	3	Gal
Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas	4	Cas
Música	3	Gal
Relixión católica	1	Cas
Tecnoloxía	3	Cas
Tecnoloxía da información e da comunicación	3	Cas
Titorías	1	-
Valores éticos	1	Gal+Ing
Valores éticos	1	Gal+Ing
Xeografía e historia	3	Gal
2ª lingua estranxeira - Francés	3	-

BACHARELATO

1º A

MATERIAS	HORAS	IDIOMA
Afondamentos e reforzos	1	-
Bioloxía e xeoloxía	4	Gal
Cultura científica	2	Gal
Debuxo artístico I	3	Cas
Debuxo técnico I	4	Cas
Educación física	2	Cas

Filosofía	3	Gal+Ing
Filosofía	3	Gal+Ing
Física e química	4	Cas
Lingua castelá e literatura I	3	Cas
Lingua estranxeira I - Inglés	6	-
Lingua galega e literatura I	3	Gal
Linguaxe e práctica musical	3	Gal
Matemáticas I	4	Cas
Pensamento crítico	1	Cas
Preparación probas físicas reguladas	1	Gal
Relixión católica	1	Cas
Robótica	2	Gal
Tecnoloxía industrial I	3	Cas
Tecnoloxía da información e da comunicación I	2	Cas

1º B

MATERIAS	HORAS	IDIOMA
Afondamentos e reforzos	1	-
Anatomía aplicada	3	Gal
Bioloxía e xeoloxía	4	Gal
Cultura científica	2	Gal
Educación física	2	Cas
Filosofía	3	Gal+Ing
Filosofía	3	Gal+Ing
Física e química	4	Cas
Lingua castelá e literatura I	3	Cas
Lingua estranxeira I - Inglés	6	-
Lingua galega e literatura I	3	Gal
Matemáticas I	4	Cas
Pensamento crítico	1	Cas
Preparación probas físicas reguladas	1	Cas
Relixión católica	1	Gal
Robótica	2	Gal
Tecnoloxía da información e da comunicación I	2	Cas
2ª lingua estranxeira I - Francés	2	-

1º C

MATERIAS	HORAS	IDIOMA
Anatomía aplicada	3	Gal
Cultura científica	2	Gal
Debuxo artístico I	3	Cas
Educación física	2	Cas
Filosofía	3	Cas+Ing
Filosofía	3	Cas+Ing
Grego I	4	Gal
Historia do mundo contemporáneo	4	Gal
Latín I	4	Cas
Lingua castelá e literatura I	3	Cas
Lingua estranxeira I - Inglés	6	-
Lingua galega e literatura I	3	Gal
Linguaxe e práctica musical	3	Gal
Matemáticas aplicadas ás CC.SS. I	4	Cas
Pensamento crítico	1	Cas
Preparación probas físicas reguladas	1	Cas
Relixión católica	1	Cas
Tecnoloxía da información e da comunicación I	2	Cas
2ª lingua estranxeira I - Francés	2	-

1º D

MATERIAS	HORAS	IDIOMA
Anatomía aplicada	3	Gal
Cultura científica	2	Gal
Debuxo artístico I	3	Cas
Educación física	2	Cas
Filosofía	3	Gal+Ing
Filosofía	3	Gal+Ing
Grego I	4	Gal
Historia do mundo contemporáneo	4	Gal
Latín I	4	Cas
Lingua castelá e literatura I	3	Cas

Lingua estranxeira I - Inglés	6	-
Lingua galega e literatura I	3	Gal
Linguaxe e práctica musical	3	Gal
Literatura universal	4	Cas
Matemáticas aplicadas ás CC.SS. I	4	Cas
Pensamento crítico	1	Cas
Relixión católica	1	Cas
Tecnoloxía da información e da comunicación I	2	Cas
2ª lingua estranxeira I - Francés	2	-

2º A

MATERIAS	HORAS	IDIOMA
Afondamentos / reforzos	1	-
Bioloxía	4	Gal
Ciencias da terra e do medio ambiente	3	Gal
Debuxo técnico II	4	Cas
Física	4	Cas
Historia da música e da danza	2	Gal
Historia de España	6	Gal
Imaxe e son	3	Gal
Lingua castelá e literatura II	6	Cas
Lingua estranxeira II - Inglés	6	-
Lingua galega e literatura II	6	Gal
Matemáticas II	8	Cas
Métodos estatísticos e numéricos	2	Cas
Preparación probas físicas reguladas	1	Cas
Psicoloxía	3	Gal+Ing
Psicoloxía	3	Gal+Ing
Química	8	Cas
Relixión católica	1	Cas
Tecnoloxía industrial II	3	Cas
Tecnoloxía da información e da comunicación II	3	Cas
Xeoloxía	4	Gal

MATERIAS	HORAS	IDIOMA
Debuxo técnico II	3	Cas
Grego II	4	Gal
Historia da arte	4	Gal
Historia da filosofía	4	Gal
Historia da música e da danza	3	Gal
Historia de España	6	Gal
Imaxe e son	3	Gal
Latín II	4	Cas
Lingua castelá e literatura II	6	Cas
Lingua estranxeira II - Inglés	6	-
Lingua galega e literatura II	6	Gal
Matemáticas aplicadas ás CC.SS. II	4	Cas
Métodos estatísticos e numéricos	2	Gal
Patrimonio artístico e cultural de Galicia	2	Gal
Preparación probas físicas reguladas	1	Cas
Psicoloxía	3	Gal+Ing
Psicoloxía	3	Gal+Ing
Relixión católica	1	Cas
Tecnoloxía da información e da comunicación II	3	Cas
Xeografía	4	Cas
Xeografía	4	Cas
Xeografía e historia de Galicia	2	Gal

6.- MEDIDAS PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS EN ESO E BACHARELATO

Coa fin de garantir o fomento do plurilingüismo, as medidas deste tipo destinadas ao alumnado correspóndense con obxectivos das materias de Lingua, pois a finalidade fundamental da área de Lingua Galega, Castelá, Francesa ou Inglesa, é o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado.

Trátase de que o alumno/a, ao finalizar a ESO, ou o Bacharelato, sexa capaz de interaccionar adecuadamente nas situacións de comunicación dos ámbitos escolar, social, cultural e profesional, así como de comprender as mensaxes orais e escritas con que se vai topar ao longo da súa vida e

que sexa quen de producilas coa debida corrección lingüística, con creatividade e con adecuación ao contexto en que se realiza a comunicación.

Algunhas destas medidas son:

- Exercicios complementarios de gramática. Son exercicios, na súa maioría relacionados coa morfoloxía, que inciden nas habituais carencias que presenta o alumnado nesta etapa educativa e axudan a reforzar os coñecementos xa adquiridos en cursos anteriores.
- Exercicios de acentuación en galego e castelán, e de léxico e semántica no resto das linguas. Incidindo na análise de elementos lingüísticos tales como lexemas, prefixos, sufixos, etc nas primeiras e na búsqueda de palabras no dicionario en todas elas.
- Lecturas significativas da obra dos autores clásicos da literatura. As lecturas complementaríanse con nocións de teoría literaria que axuden ao alumno a comprender o autor, a súa obra e a época na que escribe.
- Elaboración de textos propios para exercitar o traballo de redacción e posterior corrección de posibles erros.

O profesor/a adaptará o material e a dificultade dos exercicios ou lecturas ás necesidades de cada alumno e nivel.

Deberase consolidar o hábito da lectura desenvolvendo actitudes favorables á mesma como a creación de ambientes lectores ou a integración das fontes informativas en calquera soporte no tratamento dos contidos curriculares, ademais do uso habitual da Biblioteca escolar.

6.1. O PAPEL DA BIBLIOTECA DO CENTRO

No IES Campo de San Alberto a Biblioteca é un extraordinario axente normalizador. O seu equipo e o EDLG traballan conxuntamente nun número moi importante de actividades.

Estas son as actividades en común:

- Mes Cultural “Do libro ás letras galegas” . Dende o día do libro (23 de abril) ata o día das letras galegas prográmanse unha serie de actividades como charlas, obradoiros, contacontos, actividades musicais etc durante un mes e para todos os grupos do centro, intentando en todo momento non interferir co desenvolvemento normal do curso.
- Obradoiros de escritura e de literarios.
- Elaboración de material de promoción da lectura: libretiñas, calendarios...
- Publicación dos contos premiados nos concursos convocados polo equipo de normalización.
- Promoción e divulgación dos títulos máis convenientes para as distintas materias e das novidades en materia de lectura en xeral.
- Lecturas dramatizadas
- Celebración do Día da Biblioteca. O alumnado de 1º ciclo da ESO realiza unha serie de lecturas en cada unha das linguas que se imparten no centro: galego, castelán, latín, grego, inglés e francés.
- Concursos literarios
- Celebración de Samaín, Antroido, Día contra a violencia de xénero..

Cómpre indicar que todo o alumnado do centro dispón dun programa de animación á lectura que fixa como contidos mínimos a lectura dun libro por trimestre procurando que ao remate da mesma se celebre unha charla-coloquio co autor/a , no que respecta á materia de Lingua. Pero ademais todos os departamentos deben contemplar nas súas programación o Plan Lector que forma parte do proxecto de Dinamización da Biblioteca.

7.- PROCEDEMENTOS QUE ASEGUEN A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA NAS DÚAS LINGUAS OFICIAIS NOS CICLOS FORMATIVOS E ENSEÑANZA DE PERSOAS ADULTAS

1. Elaboración de textos de ámbito persoal, social, académico e laboral a partir de:
 - Análise dos elementos de comunicación (adecuación).
 - Linguaxes que se van empregar (verbal, non verbal).
 - Busca e xeración de ideas.
 - Estruturación das ideas (coherencia).
 - Redacción (cohesión).

2. Transformación de textos escritos ou orais a partir dalgúns dos seus elementos básicos: destinatario, funcións, propósito,...

3. Utilización, na produción de mensaxes, de:
 - Vocabulario preciso e expresivo, evitando o uso de expresións vulgares, estranxeirismo innecesarios, retrousos, interferencias lingüísticas, sexismos, etc.
 - Entoación e os xestos adecuados.
 - Mecanismos de coherencia e cohesión que permitan unha fácil comprensión do texto.
 - Identificación de diferenzas, semellanzas e relacións entre as linguaxesverbais e non verbais.

4. Revisión e corrección das propias producións .
5. Lectura de obras significativas das literaturas galega e castelá.
6. Elaboración dunha opinión persoal sobre as obras lidas.
7. Recoñecemento, a través da lectura de textos narrativos, do punto de vista, personaxes, lugar e tempo.
8. Identificación, nalgúnexemplo concreto, dos elementos da obra de teatro que a converten en espectáculo.
9. Interpretación da temática de textos líricos e análise dos recursos formais empregados.
10. Elaboración de fichas de lectura, utilizando o resumo para expresar por escrito o contido dun relato, unha novela curta, etc.
11. Manipulación de textos literarios, modificando a estrutura ou a forma literaria.
12. Creación de textos de intención literaria, empregando as características da forma literaria elixida.

8.- SECCIÓNS BILINGÜES

1º ESO: Valores éticos

2º ESO: Valores éticos / Música

3º ESO: Valores éticos / Música / Bioloxía e xeoloxía

4º ESO: Valores éticos / Bioloxía e xeoloxía

1º Bach A: Filosofía

1º Bach B: Filosofía

1º Bach C: Filosofía

1º Bach D: Filosofía

2º Bach A: Psicoloxía

2º Bach B: Psicoloxía

9.- OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.

9.1.OBXECTIVOS

Para o contorno sociolingüístico:

- Corrixir a situación social de desigualdade nas linguas.
- Asumir o papel normalizador que o centro desempeña no entorno social.
- Empregar metodoloxías renovadoras na procura dunha forte motivación tanto do alumnado como das súas familias.
- Impulsar o intercambio enriquecedor entre os diferentes organismos e centros de ensino da comarca.
- Achegar a lingua galega e a nosa realidade sociocultural ao alumnado estranxeiro e as súas familias.
- Colaborar con entidades culturais, asociativas, recreativas e deportivas, así como empresas locais, para favorecer o uso da lingua e a súa valoración.

Para o profesorado:

- Mellorar a competencia lingüística ofrecendo asesoramento.
- Definir o soporte material e humano que posibilite o uso xeneralizado da lingua no ensino.
- Estimular a participación activa e a implicación co alumnado en tarefas comúns de aprendizaxe.
- Relacionar a lingua galega coas tecnoloxías da información e da comunicación.

Para o alumnado:

- Fomentar a conciencia e o compromiso coa lingua.
- Impulsar a actividade cultural como método de aprendizaxe.
- Estimular a creatividade e o traballo en grupo.
- Descubrir, coñecer e estudar os aspectos caracterizadores e tradicionais da comarca así como a súaxeografía.
- Promover a utilización do soporte dixital, da Aula Virtual e do Blog.
- Crear novos ámbitos de uso que favorezan a oralidade dentro e fóra das aulas.

Para o centro:

- Promover medidas favorables ao uso do galego.
- Mellorar a competencia lingüística da comunidade educativa.
- Recoñecer a importancia que ten a participación activa de toda a comunidade educativa no proxecto normalizador.
- Promover o uso das novas tecnoloxías.
- Activar a participación de Departamentos diferentes en actividades comúns.

9.2. LIÑAS DE ACTUACIÓN

- Colaboracións: tanto no centro con outros departamentos coma con outros centros da vila ou da contorna, así como con entidades e institucións da vila.
- Potenciar a recollida da tradición: xogos tradicionais, samaín ..
- Celebración de concursos e certames: dentro do centro organizaranse concurso de relatos e fomentaranse os de fóra do centro.
- Teatro: Lecturas dramatizadas ou representación de pezas de teatro.
- Saídas polo entorno: coa finalidade de coñecer e valorar o propio e aproveitando para o estudo da toponimia.
- Convidados: Organizamos un mes cultural para traer ao centro figuras relevantes do panorama cultural galego.
- Celebracións das tradicións coma o Samaín, o Antroido, ou eventos coma o Día das Letras Galegas.
- Outras actividades: elaboración de camisetas, almanaques, e todo o que poida promocionar a lingua galega coa participación do alumnado.

10.- ACTIVIDADES DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Estas son as actividades que se programan inicalmente cada inicio de curso e sobre as que pode haber variación durante o mesmo debido a múltiples circunstancias.

Visitas

- Saída ao teatro a Santiago . 2º Ciclo ESO (2º/3º Trimestre)
- Saída a Santiago: "Correlingua". 2º Ciclo ESO (2º/3º Trimestre)

Publicacións

- Publicación contos premiados no Concurso de Contos de Medo e Amor. (3º Trimestre)
- Blog do EDLG "Saedacuncha" www.saedacuncha.wordpress.com
- Colaboración coa revista do Centro "Entrepontes"

Conferencias, charlas, contacontos,talleres...

- Charlas de autores dos libros de lectura programados no departamento.
- Mes Cultural "Do libro ás letras galegas" Toda a comunidade educativa (3º Trimestre)

Outras actividades

- Celebración Día da Ciencia en Galego. ESO,Bach e Ciclos de Laboratorio (1º Trimestre)
(Actividades programadas polo dpto de Física e Química)
- Celebración Día da Biblioteca. ESO (1º Trimestre)
- Celebración do Samaín e Magosto. Toda a comunidade educativa (1º Trimestre)
- Celebración do Día Contra a Violencia de Xénero. Toda a comunidade educativa (1º Trimestre)
- Celebración do Antroido. Toda a comunidade educativa (2º trimestre)

Concursos e campañas

- Concurso Contos de Medo. ESO (1º Trimestre)
- Concurso letras de Hip-Hop regueifadas en Antroido. ESO e Bach. (2º Trimestre)
- Concurso Contos de Amor . ESO e Bach. (2º Trimestre)
- Certame literario "Alberto Rosamasanta" en colaboración co IES Virxe do Mar. .ESO, Bach e Ciclos.(3º Trimestre)

- Campañas CGEDLG. Todo o curso. Toda a comunidade educativa
- Correlingua. ESO (3º Trimestre)

11.- ADDENDA ANUAL

11.1. CAMBIOS NA IMPARTICIÓN DE MATERIAS EN LINGUA ESTRANXEIRA

Este texto está actualizado, incorpora toda a información recollida nas últimas addendas.

11.2. INFORMACIÓN E VALORACIÓN DAS ACTIVIDADES DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA NO CURSO ANTERIOR E INFORMACIÓN DAS QUE SE VAN DESENVOLVER NESTE CURSO.

Toda a comunidade educativa se implica nas actividades de normalización en maiorou menor medida, dende encargarse dunha actividade ata botar unha man no último momento. Practicamente todo o persoal que se involucra en actividades no centro e faino tamén en normalización sen problema.

O Departamento de Ciencias e Bioloxía encárgase da edición do blog “ saedacuncha”.

O Departamento de Física e Química celebra todos os anos o *Día da Ciencia en Galego* no 1º trimestre.

O Departamento de Plástica tamén colabora na elaboración, por parte do alumnado nas súas aulas, dos deseños de carteis para concursos, e de debuxos para ambientar o libriño de contos que sacamos a final de curso. Elaboran ademais o cartel do 25 de Novembro para o Día contra a violencia de xénero.

Practicamente a totalidade dos Departamentos colaboran coa edición do blog e todos están representados no consello de redacción da revista “ Entrepontes”

O Departamento de Música colabora na celebración do Día da Biblioteca musicando textos lidos polo alumnado.

O Persoal de Administración e Servizo ten unha representación directa no equipo e colabora e realiza actividades relacionadas co audiovisual e a imaxe.

O alumnado de ciclos formativos, ESA e adultos, son tidos en conta na programación do mes cultural “ Do libro ás letras “, aínda que resulta difícil implicalos na elaboración de actividades; o profesorado, pola contra, si é receptivo e colabora nas actividades con asiduidade.

O persoal non docente asume as actividades como propias do centro e dende a dirección non se pon ningunha traba, máis ben ao contrario, malia que non o falan galego habitualmente.

Pensamos que cumprimos os obxectivos propostos para o entorno sociolingüístico na medida en que representamos un papel normalizador como centro pois a maior parte do que sae fóra, sae en galego.

A valoración do desenvolvemento das actividades durante os cursos está sendo positiva. Cando unha actividade non se pode realizar por algunha razón sempre xorde outra nova no seu lugar desenvolvéndose con creces o plan previsto inicialmente.

En Noia, Xaneiro de 2016

Asdo: Mercedes Rivas
Coordinadora EDLG

Asdo: Pedro Román
Director